

# o BNG en movimiento



[www.polabase.org](http://www.polabase.org)

MOVIMIENTO  
**POLA BASE**

Nos últimos tempos o BNG está a sufrir unha deriva que se plasma nas súas orientacións político-ideolóxicas, e que tamén ten traslación ao ámbito organizativo. A actual dirección da organización está a impulsar un BNG que se afasta sensibelmente do proxecto histórico que a nosa organización representa para o país, como instrumento para a autodeterminación nacional e a emancipación social. Non é necesario buscar demasiado para perceber o descontento e desánimo que entre a militancia xera esta situación, polo que pensamos que compre reaccionar.

Dun tempo aquí son evidentes as tentativas de ancorar a fronte nacionalista nas marxes do autonomismo (renunciando, polo tanto, ao seu papel de forza política soberanista), cuestión esta que se está a agravar no debate estatutario aberto en Galiza, onde se opta de facto por lle atribuír ao noso país un papel subsidiario a respecto do Estado Español. Debate estatutario onde, por certo, as bases do BNG foron conscientemente esquecidas, arrogándose a dirección todas e cada unha das decisións que afectan a un asunto de tanta transcendencia como este.

Preocupante é tamén o esvaemento das posicións sociais transformadoras que sempre formaron parte das preocupacións da organización. O necesario medre do espazo institucional gañado para o nacionalismo significou un abandono de posicións de esquerda, favorecedora dos intereses da maioría social galega. Ademais, elementos definitorios do BNG como o seu compromiso coa lingua e cultura propias ou coa preservación do noso medio van perdendo intensidade nas políticas desenvolvidas polo BNG.

Xuntamente con isto, vense camiñando cara a un modelo organizativo diferente, que abandona o asemblearismo como principio reitor e favorece o verticalismo na toma de decisións. Fúrtase o debate, o contraste de ideas e a construción do consenso na toma de decisións, pola que a base militante vai perdendo a capacidade de participación no seo do BNG.

Por estes e outros problemas é polo que o Movemento pola Base está a articularse por todo o país, na consciencia de que é posíbel, necesario e urxente modificar o actual estado de cousas no BNG, sempre desde o noso compromiso e a nosa lealdade co proxecto político, en clave nacionalista e transformadora, que o BNG representa.

### **Por que non nos medios de comunicación?**

O Movemento pola Base decidiu non facer uso dos medios de comunicación para a súa difusión, mesmo declinando facer declaracións públicas ou negándose a participar en entrevistas nuns medios que nunca se caracterizaron polo trato obxectivo ao nacionalismo.

Para nós, o debate aberto de cara a esta Asemblea Nacional ten carácter interno. Polo mesmo, é un debate que se debe dar entre o conxunto da militancia (de feito, é por iso que non aceptamos a fórmula dunha Asemblea Nacional por delegación), desde o respecto á diferenza e mesmo á discrepancia, como proxecto amplo e plural que o BNG é.

Transladar ese debate aos medios de comunicación parécenos daniño para o BNG e irresponsábel por parte de quen o propiciou. Entendemos que esta percepción é a que existe moi maioritariamente nos homes e mulleres que conforman o BNG, que están a ver como o necesario debate político interno se pervirte, ao ser interesadamente desviado aos medios de comunicación.

Hoxe por hoxe, a case totalidade dos medios de comunicación do noso país continúan a ser alleos aos intereses do nacionalismo e responden a criterios dos grupos mediáticos de poder aos que pertencen e están sometidos ás directrices políticas afíns a estes grupos. O Movemento pola Base ten claro que isto é así e, polo tanto, en relación aos medios de comunicación, non vai facer nada que poida ser utilizado por estes para debilitar tanto o BNG como o nacionalismo no seu conxunto. E facémolo por responsabilidade, por coherencia e por respecto ao conxunto da militancia do BNG.

### **A nosa candidatura ao Consello Nacional do BNG**

Representación sectorial e territorial foron os dous criterios básicos que o Movemento pola Base tivo en conta para elaborar a súa candidatura ao Consello Nacional. Unha candidatura na que hai un peso importante dos movementos sociais, da mocidade, da militancia de base do BNG, xunto con representantes institucionais de diversos concellos do país.

A nosa decisión de presentarmos candidatura está baseada na autoesixencia de responsabilidade coa situación e na necesidade de formularmos alternativas para dar respostas acaídas tanto interna como externamente a eses problemas políticos e organizativos que se teñen constatado nos últimos tempos.

Por este motivo, ademais de presentar lista propia ao Consello Nacional, o Movemento pola Base promoveu diferentes emendas ás devanditas teses. Emendas que teñen como obxecto, por unha banda, reforzarmos o papel da militancia da organización e facermos un BNG máis democrático e participativo. E pola outra, están encamiñadas a acentuar o perfil político propio do BNG, como organización nidiamente nacionalista e transformadora no social. Unha organización que comparte obxectivos co conxunto do movemento nacionalista dentro dun proxecto histórico para Galiza, en que o noso país poida exercer plenamente os seus dereitos políticos como nación.

# Candidatura do Movemento pola Base ao Consello Nacional do BNG

## 1. Fermín Paz Lamigueiro

55 anos. Militante na Asemblea Local de As Pontes onde foi concelleiro do BNG durante 14 anos. É membro da Executiva Confederal de CIG e tivo responsabilidades en varias organizacións do nacionalismo. Participa de diversos organismos sindicais internacionais relacionados co mundo da enerxía.

## 2. Paula Castro Lago

37 anos. Xornalista. Foi Responsábel Comarcal do BNG de Compostela e membro do Consello Nacional. Foi membro das Executivas Local e Comarcal.

## 3. Xosé Emilio Vicente Caneda

26 anos. Brión. Secretario Xeral de Galiza Nova. Foi responsábel dos CAF en Compostela e participa na asociación cultural A Fouce de Ouro. Licenciado en Xornalismo.

## 4. Zélia García Parra

27 anos. Vigo. Xornalista. Responsábel de prensa da Plataforma Nunca Máis, participa no movemento feminista. Participou en Galiza Nova na emigración e en Compostela, onde foi membro do Consello Local do BNG.

## 5. Fidel Diéguez Díez

51 anos. Responsábel Local e concelleiro do BNG en Noia e membro do Consello Comarcal de Muros-Noia. Profesor de ensino secundario.

## 6. Noa Presas Bergantiños

19 anos. Ourense. Estudante de Firoloxía Galega en Compostela. Responsábel da Comisión da Muller dos CAF e membro do seu Consello Nacional. Foi tamén membro do Consello Nacional dos CAE e do Consello Local do BNG de Ourense.

## 7. Miguel Anxo Abreira Sobrado

37 anos. Concelleiro do BNG en Miño. Participou activamente no sindicalismo agrario con diversas responsabilidades no SLG. Participou na fundación de Galiza Nova e no movemento antimilitarista, ingresando en prisión como insubmisó. Foi membro do Consello Comarcal do BNG da Coruña.

## 8. Manuela López Rodríguez

33 anos. Militante da comarca de Ferrolterra, traballa como mestra infantil e participou na candidatura ás eleccións municipais en Cedeira.

## 9. Rafael Mouzo Lago

59 anos. Concelleiro portavoz do BNG en Corcubión, foi alcalde desta vila entre 1979 e 2003.

## 10. Amalia Collazo Arauxo

43 anos. Mos. Participa da Asociación pola Memoria Histórica do 36 en Vigo.

## 11. Miguel Rodrigues Penas

31 anos. Foi membro do Consello Comarcal e da Executiva de Ourense. Activista en favor do idioma, é un dos impulsores do Portal Galego da Língua. Membro do Consello da AGAL (Asociación Galega da Língua).

## 12. Emma Abella Cruz

42 anos. Concelleira do BNG en Ponteceso. Ensinante.

## 13. Antonio Somoza Caxato

27 anos. Concelleiro do BNG en Lugo. Responsábel Comarcal de Galiza Nova de Lugo Centro. É licenciado en Humanidades e traballa na USC como investigador en formación.

## 14. Xosefina Guitián Lema

40 anos. Concelleira do BNG en Vedra. Traballa na biblioteca da USC.

## 15. Xesús Anxo López Pintos

51 anos. Militante de Cedeira onde foi concelleiro do BNG durante 16 anos, 4 deles como teniente alcalde. Tamén foi Responsabel Local. Actualmente é Secretario Comarcal da CIG de Ferrol.

## 16. María Elvira Pallares Galego

49 anos. Milita en Sarria é é Presidenta da Asociación Cultural Carricanta.

## 17. Rafael Peña Vidal

22 anos. Milita na Asemblea Local de Compostela e participa no movemento veciñal na AAV de Enfesta. Participa no deporte de base e en Siareiros Galegos.

## 18. Ximena Mariel González Ataide

27 anos. Nacida na Arxentina, filla dun emigrante galego. Actualmente estuda Arquitectura Técnica na Coruña, onde foi Responsábel dos CAF.

## 19. Inácio Pavón Barbagelata

32 anos. Militante en Ames e natural de Monforte. Sindicalista e activista do movemento cultural e deportivo de base.

## 20. M<sup>a</sup> do Pilar Rodríguez Pérez

28 anos. Vigo. Enfermeira. Foi membro do consello comarcal do BNG. Foi presidenta da asociación xuvenil "A Punteira" en Teis (Vigo). Participa na CIG-Mocidade.

### **21. Gael Román Carreiro**

19 anos. Vigo. Foi responsábel comarcal dos CAE até o curso pasado, actualmente é estudante de enxeñaría técnica industrial e membro dos CAF.

### **22. Isabel Becerra Lestón**

47 anos. Muros. Foi membro do Consello Comarcal de Muros Noia. Artesá encadernadora.

### **23. Xoan Xosé Fernández Callón**

32 anos. Foi responsábel local do BNG de Ribeira e membro do Consello Comarcal do Barbanza.

### **24. Ruth Caramés Blanco**

26 anos. Moraña. Membro da asociación cultural de San Martiño de Laxe. Bióloga e estudante de Enxeñaría Industrial.

### **25. Lois Cipriano Fernández Axeitos**

49 anos. Militante da Asemblea de Buenos Aires, membro do Consello Local e membro da Directiva da Federación de Sociedades Galegas na Arxentina. Fillo de exiliados de Ribeira. Militante do Partido Comunista da Arxentina.

### **26. Teresa Rodríguez Vilaseco**

40 anos. Compostela. Psicóloga laboral. Formou parte da candidatura municipal do BNG.

### **27. Carlos Velasco Souto**

49 anos. Milita en Oleiros, onde formou parte do Consello Local. É profesor titular da Universidade da Coruña. Ten publicado traballos sobre o agrarismo e sobre a represión franquista na Galiza.

### **28. Xoana Roig Regueira**

17 anos. Lugo. Militante de Galiza Nova e responsábel da Asemblea de Mulleres en Lugo. Participa nos CAE. Forma parte dun clube de atletismo.

### **29. Antolín Alcántara Álvarez**

50 anos. Sindicalista de Vigo. Foi membro do consello comarcal do BNG. Membro da Executiva Confederal da CIG.

### **30. Silvia Aldrei Becerra**

28 anos. Compostela. Filóloga. Foi Responsábel Comarcal de Galia Nova e membro do Consello Comarcal do BNG. Participa no movemento veciñal en Aríns.

### **31. Roberto Rodríguez González**

25 anos. Técnico de Emprego en CIMO. Concelleiro en Ourense. Responsábel Comarcal de Galiza Nova. Foi membro da Executiva Comarcal do BNG.

### **32. Carme María Baz Alonso**

19 anos. A Guarda. Participou nos CAE e actualmente nos CAF, estudante de Terapia Ocupacional na Coruña.

### **33. Carlos Artur González Taboada**

24 anos. Melide. Estudante de Historia e traballador da hostelería, foi Responsábel dos CAF en Compostela.

### **34. Celia Calvo Lado**

37 anos. Miño. Traballadora doméstica. Membro do Consello Local, participa no movemento veciñal.

### **35. Francisco Souto Barreira**

44 anos. Concelleiro do BNG en Malpica. Escritor. Membro do Consello Comarcal de Bergantiños.

### **36. Ilda Blanco González**

25 anos. Ourense. Licenciada en Bioloxía e Graduado en Enxeñaría Ambiental. Foi responsábel dos CAE e membro da Dirección Nacional de Galiza Nova. Participa na Asociación Cultural A Esmorga.

### **37. Xaime Castro Paz**

47 anos. Presidente do Clube deportivo As Pontes e membro da asociación galega de clubs deportivos e con varias responsabilidades nas organizacións do nacionalismo.

### **38. Ana Queimadelos Arauxo**

32 anos. Natural de Verín. Milita na asemblea local de Trazo. Xornalista e participante do movemento ecoloxista.

### **39. Xosé Antón Arauxo Rodríguez**

37 anos. Gondomar. Foi Responsábel Local do BNG.

### **40. María Rosario González Seoane**

46 anos. Compostela. Traballa como ATS e participa do movemento feminista en Andaina. Participa na asociación Galiza por Palestina e no Movemento polos Dereitos Cívís.

### **41. Breixo Lousada Valdés**

23 anos. A Coruña. Responsábel de Publicacións de Galiza Nova. Foi responsábel comarcal de GN na Coruña e membro dos Consellos Comarcais do BNG da Coruña e Pontevedra, onde estudou Artes Gráficas. Participou nos CAE e nos CAF.

### **42. Carme Saians Piñeiro**

26 anos. Milita na Asemblea de Compostela, sendo natural de Moraña. É filóloga lingüista na TVG.

### **43. Manuel Zabala Iglesias**

42 anos. Vigo. Delegado sindical na empresa FCC. Participa da Asociación pola Memoria Histórica do 36.

### **44. Iolanda González Álvarez**

21 anos. O Rosal. Estudante de Bacharelato na Guarda. Titulada en Técnicas de Quiromasaxe.

#### **45. Marcos Cadórniga López**

30 anos. Militante no Saviñao. Traballador no social e no movemento de solidariedade internacional. Foi Responsábel Comarcal de Galiza Nova en Lugo Sul e membro do Consello Comarcal do BNG.

#### **46. Alba Iglesias Martínez**

18 anos. Membro da asemblea de Lugo Sul e da Banda de Gaitas de Pantón.

#### **47. Xan Antón Fernández Pequeno**

24 anos. O Rosal. Participa nos CAF como estudante de Enxeñaría Técnica Industrial en Vigo. É membro da Dirección Nacional de Galiza Nova.

#### **48. Milagros Salgado Fandiño**

34 anos. Militante de Compostela. Participa no movemento veciñal e é Delegada de Persoal nunha empresa de limpeza.

#### **49. Óscar Ínsua Lema**

26 anos. Militante na Costa da Morte. Licenciado en dereito. Participou nos CAF. Presidente da asociación xuvenil Illa Lobeira.

#### **50. María Casas García**

26 anos. Natural da Mariña, licenciada en Medicina, traballa de médica residente no hospital de Pontevedra. Participou nos CAF.

#### Suplentes:

#### **51. Manuel Mera Sánchez**

60 anos. Vigo. Sindicalista. Estivo sempre vinculado ao sindicalismo e foi secretario da irmandade Galega en Bos aires. Participou na fundación de ERGA. Foi Secretario Xeral da INTG e actualmente é membro da Executiva Confederal da CIG.

#### **52. Laura Bugallo Sánchez**

43 anos. Militante en Ames. Traballadora social na atención á inmigración. Participa do movemento LGBT en Compostela e é Presidenta de TransGaliza. Tamén participa no movemento de solidariedade internacional en diversas asociacións.

#### **53. Rafael Villar González**

38 anos. Portavoz Nacional da Plataforma Nunca Máis, foi membro dos Consellos Locais de Ames e Compostela. Escritor e lingüista.

#### **54. Pura Castelao Pérez**

36 anos. Responsábel local do BNG de Vedra. Traballa no comercio.

#### **55. Miguel Roig Varela**

57 anos. Lugo. Militou na ANPG e participou na fundación do BNG. Topógrafo de profesión, participou na comisión parlamenta do BNG na mesa de infraestruturas.

#### **56. Nuria Fernández Iglesias**

21 anos. Militate do BNG en Ourense. Actualmente prepara oposicións.

#### **57. Xulio Fernández Carnero**

26 anos. Responsábel Comarcal de Galiza Nova na Montaña. Membro dos Consellos Local e Comarcal do BNG. Estudante de Enxeñaría Técnica Agrícola en Lugo, participa nos CAF.

#### **58. Inés López Fernández**

18 anos. Estudante, milita en Ferreira de Pantón, onde participa na Asociación Cultural O Castro.

#### **59. Inacio Lugilde Santos**

22 anos. Compostela. Participa no movemento asembleario estudantil na universidade.

#### **60. Iria Flavía López Presedo**

25 anos. A Coruña. Licenciada en Filoloxía Galega. Foi membro da Dirección Nacional de Galiza Nova e do Consello Local do BNG.

#### **61. Xosé Lois Amigo Rodríguez**

54 anos. Militante da Asemblea Local do BNG de Padrón.

#### **62. Celia Penide Aller**

33 anos. Vedra. Ensinante. Participa na Asociación Cultural Vereá.

#### **63. Alberte do Río Quiroga**

40 anos. Traballador da seguridade. Membro do Consello Local do BNG de Ames.

#### **64. Silvia Gutiérrez González**

31 anos. Natural de Meira, estudante de Filoloxía Francesa en Compostela. Participa nos CAF.

#### **65. Manuel Anxo Pérez Vidal**

34 anos. Militante do BNG de Narón. Presidente Comité de Empresa de Poligal.

#### **66. Adelaida Vidal Vizcaya**

20 anos. Militante de Galiza Nova na Coruña. Estudante de Arte Dramática en Vigo. Participou nos CAE.

#### **67. Macias Lopez Igrexas**

21 anos. Resposábel Comarcal de Galiza Nova en Muros-Noia. Estudante de Enxeñaría Informática na Coruña e membro do Consello Nacional dos CAF.

#### **68. Carolina Pena Álvarez**

25 anos. Moaña. Médica residente. Participou do movemento estudantil nos CAF. Coordinadora do Vocabulario Galego de Termos Médicos.

#### **69. Manuel Uceira Calvo**

48 anos. Milita na asemblea de As Pontes, onde foi concelleiro.

#### **70. Estefanía Alonso Tamayo**

24 anos. Milita na Guarda. Estuda Publicidade e Relacións Públicas.

